



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

Curso Académico: 2017/2018

Índice

1.	Introducción	1
2.	Seguimiento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	2
3.	Plan de Melloras do Centro	19
4.	Anexo: Informes de seguimiento	27

1. Introdución

Esta memoria é testemuña do compromiso da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais coa adopción dun enfoque de calidade que procura no só a excelencia dos programas formativos que oferta, senón a construción dunha comunidade académica comprometida cun ensino público de calidade e a máxima conexión co tecido socioeconómico no que se insiren a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais e a Universidade de Santiago de Compostela (USC).

No marco dos programas de xestión de calidade implementados pola USC, a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais [en adiante, a Facultade] configura a súa política propia asumindo como principal obxectivo o desenvolvemento eficiente da súa oferta educativa.

O desexo de perfeccionar os programas formativos que se imparten no Centro é unha das principais motivacións que guían aos órganos de goberno do Centro e comprometen mesmo á toda á comunidade académica. Este desexo materialízase nunha supervisión estreita da posta en práctica dos programas e a procura continua de elementos que merecen ser mellorados.

Os nosos obxectivos abranguen, igualmente, o estímulo da actividade investigadora así como o enriquecemento da vida cultural da nosa comunidade e o incremento da participación de todos os actores implicados, fomentando, en suma, como proxecto común, a oferta dun servizo público renovador, aberto e responsable.

Esta Memoria de Calidade, correspondente ao curso académico 2017-2018, foi elaborada no seo da Comisión de Calidade e aprobada polos seus integrantes o 13 de maio de 2019.

O documento recolle información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC), ao seguimento dos títulos impartidos no Centro e ao plan de melloras, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

2.1 Estrutura da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais para o desenvolvimento do SGIC

Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do Sistema de Garantía Interna de Calidade [en adiante, SGIC] durante o curso 2016-2017 abrangue todas as titulacións impartidas no Centro e toda a súa comunidade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos.

Os ofertados pola Facultade, vixentes durante o curso 2017-2018 foron:

- Grao en Ciencia Política e da Administración (BOE de 16/02/2009) [en adiante, GCPA]
- Máster Universitario en Marketing, Consultoría e Comunicación Política (DOG de 12/02/2013) [en adiante, MMCCP].

Documentación de referencia

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

- Memoria do Grao en Ciencia Política e da Administración.
- Memoria do Máster Universitario en Marketing, Consultoría e Comunicación Política.
- Normativa propia do Centro ([Regulamento dos Traballos Fin do Grao en Ciencia Política e da Administración](#); Regulamento Interno de Xestión de Espazos e Mecanismo de Supervisión de Obrigas Docentes).
- Actas cos acordos da Xunta de Facultade e das distintas comisións delegadas.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen no desenvolvemento do SGIC son:

- Equipo Decanal.
- Responsable de Calidade do Centro.
- Xunta de Facultade.
- As Comisións delegadas da Xunta de Facultade e, en especial, a Comisión de Calidade de Centro.
- Coordinador/a do GCPA.

- Coordinador/a do MMCCP.
- Coordinador/a de alumnado (creado o 22/03/18)
- Comisión Académica do MMCCP (suprimida o 20/12/17).
- Comisión do Título de GCPA (creada o 20/12/17)
- Comisión do Título de MMCCP (reformada o 20/12/17).

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Apdo. 1.2.3 (Pp. 5-13) e Apdo. 3 (17 e ss.) do *Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais* (Aprobado pola Xunta de Facultade o 12/06/2015). As funcións do coordinador de alumnado, da Comisión do Título de GCPA e da Comisión do Título de MMCCP foron aprobadas pola Xunta de Facultade aínda que están pendentes de incorporación a unha versión actualizada do Manual do SGIC do Centro.

Detállase, a continuación, a composición da Comisión de Calidade do Centro [en adiante, CCC] no curso 2017-18:

- Decano (Responsable de Calidade do Centro)
- Coordinador do Título de Grao
- Coordinador do Título de Máster
- Xestor de Centro
- 2 alumnos
- 1 membro do PAS
- 2 membros do PDI

As funcións principais da CCC son as seguintes:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC no Centro.
- Elaborar a Memoria de Calidade do Centro, que engloba distintos informes e memorias: proposta do plan de melloras do Centro para o curso seguinte, que recolle as accións de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora; informes de seguimento dos Títulos.

Na implantación do SGIC implícase a todos os grupos de interese internos, e, a través dos órganos previstos nel, analízanse diversos indicadores que permiten ter un coñecemento detallado de todos os aspectos relevantes para o seguimento dos títulos e para propor modificacións e melloras neles.

Reunións da Comisión de Calidade do Centro durante o curso 2017-2018:**5 de outubro de 2017. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- Revisión do estado de execución de accións de mellora
- Planificación estratégica do Centro
- Estudo do calendario de accións de seguimento de calidade
- Rolda aberta de intervencións

23 de abril de 2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- Aprobación, se procede, dos informes de seguimento 2016-17 dos títulos ofertados.
- Revisión, no ámbito de competencias do Centro, dos escritos presentados por D. CPP.
- Rolda aberta de intervencións.

1 de xuño de 2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais 2016-17.
- Composición do comité consultivo.
- Informe do coordinador do Grao sobre as reunións de coordinación entre titulares de curso e alumnado do Grao.
- Rolda aberta de intervencións.

Reunións da Comisión do Título do GCPA durante o curso 2017-2018:

[Mediante resolución reitoral de 2 marzo de 2018, apróbase a constitución da Comisión do Título. As competencias da nova comisión foron desenvoltas anteriormente pola extinta Comisión de Docencia da Facultade, razón pola que neste apartado dáse conta das xuntanzas de ambas as dúas comisións]

25 de setembro de 2017. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores.
- Solicitudes de cambios de quenda.
- Regulación exención de docencia.
- Asuntos de trámite.
- Rolda aberta de intervencións

15 de novembro de 2017. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- Análise das solicitudes de validación.
- Rolda aberta de intervencións

22 de febreiro de 2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- Resolución definitiva das solicitudes de cambio de grupo do curso 2017-2018
- Rolda aberta de intervencións

Reunións da Comisión do Título do MMCCP durante o curso 2017-2018:**16 de marzo de 2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
- Asignación de tutores para os TFM.
- Asignación de prácticas curriculares aos alumnos do Máster.
- Resposta á reclamación presentada polo alumno C.P. con data de rexistro do 20 de febrero de 2018.
- Declaración de intencións de colaboración coa Universidad Católica de Oriente (Colombia).
- Asuntos de Trámite.
- Rogos e preguntas.

17 de marzo de 2018. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

- Punto único: Análise da reclamación presentada polo alumno C.P. sobre a cualificación obtida na asignatura “Ferramentas de Marketing”.

9 de maio de 2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación das actas anteriores.
- Nomeamento de datas de lectura e tribunais de TFM para as convocatorias de Xullo e Setembro do presente curso 2017-2018.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas.

6 de xullo de 2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación dos expedientes de convalidación de prácticas, se procede.
- Asuntos de trámite.

30 de xullo de 2018. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

- Punto único: Aprobación dos expedientes de convalidación de prácticas, se procede.

2.2 Seguimento do SGIC

A USC ten establecido e mantén documentado e implantado un Sistema de Garantía Interna de Calidade e mellora continuamente a súa eficacia consonte aos requisitos dos modelos de garantía de calidade Fides-Audit. De acordo con este modelo, o deseño do Sistema de Garantía Interno de Calidade aplicado a todas as ensinanzas oficiais impartidas no Centro obtivo un informe positivo (26/04/10) conforme ás directrices establecidas na documentación vixente do Programa FIDES – AUDIT.

A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009 e, dentro deste SGIC marco, e de acordo cun modelo simplificado aprobado pola USC, a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais aprobou na Xunta de Facultade do 12 de maio de 2015 o seu *Manual simplificado do SGIC da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais*. Este SGIC foi aprobado definitivamente polo Consello de Goberno da USC o 12 de xuño de 2015.

O SGIC concrétese nos procesos, completados por varios procedementos auxiliares, definidos no SGIC marco, sen variacións adoptadas no centro. O desenvolvemento de cada proceso/procedemento contense no manual de procesos do SGIC marco da Universidade, así como na aplicación informática de soporte ao Sistema de garantía de calidade do Centro. Tanto o *Manual simplificado do SGIC da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais* así como o resto da documentación relacionada co mantemento de SGIC están dispoñibles a través da páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade: <http://www.usc.es/gl/centros/politicas/SGIC.html>

De acordo co establecido no SGIC marco da USC e no SGIC da Facultade, os procedementos de recollida de información funcionaron axeitadamente. A Información recollida foi analizada, en especial, no proceso de seguimento de títulos e fixación de accións de mellora.

Ademais dos procedementos de recollida de información fornecidos pola USC, o Centro impulsa a aplicación de ferramentas propias de recollida de datos, como son a enquisa de inserción laboral , as enquisas a novo alumnado e ao alumnado pertencente a programas de intercambio.

Nas actas das reunións da Comisión de Calidade, a Comisión do Título do GCPA e a Comisión do Título do MMCCP recóllese as valoracións sobre a análise dos distintos indicadores, que serven de base para formular propostas de mellora que son incorporadas aos respectivos informes de seguimento.

Para analizar a calidade do ensino e a do profesorado utilízanse datos relativos a PDA, POD, información sobre o persoal de apoio, sobre o profesorado, informes sobre cualificacións e varias enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado. Os datos e informes son analizados polos órganos do SGIC para acadar a mellora da calidade das ensinanzas.

A recollida de información e o seu tratamento desenvolveuse segundo o previsto, áinda que habería que indicar que o nivel de participación do alumnado nas enquisas segue a ser baixo, malia os esforzos de comunicación emprendidos polo Centro en coordinación coa ÁREA de Calidade da USC. Para incrementar o nivel de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, nos períodos de realización das mesmas, a dirección do centro está a dar publicidade ás mesmas a través das pantallas do centro e estanse a remitir comunicacións individuais ao alumnado instando a súa participación.

Os procedementos de suxestións e reclamacións están contidos no SGIC. O procedemento de suxestión e queixas recolle a súa tramitación a través do Valedor da Comunidade Universitaria, a través da Oficina de Análise de Reclamacións (o tratamiento de queixas, suxestións e recursos administrativos), e a través do Decanato da Facultade. Cos datos fornecidos, analízanse os resultados relativos a incidencias e reclamacións asociados á planificación e desenvolvemento do ensino, para poder establecer accións de mellora.

As propostas de mellora teñen asignado un responsable da súa execución, e revisánse periodicamente nas reunións das devanditas Comisións para facer un seguimento da súa consecución.

A dirección do Centro e o Responsable de Calidade do Centro trasladan á Comisión de Calidade os informes e recomendacións dos diferentes procesos de verificación, seguimento e renovación da acreditación, que se encarga da súa análise e de propor, no seu caso, plans e accións de mellora.

En todos os órganos do SGIC están representados os grupos te interese internos (PDI, PAS e estudiantes), polo que se garante a súa participación no proceso de elaboración, implantación e seguimento das accións de mellora.

2.3 Actuacións más importantes

Estudo sobre o alumnado de novo ingreso do GCPA

Baixo a supervisión do coordinador do título, Prof. Celestino García Arias, fíxose, un curso

máis, un estudo sobre o alumnado de novo ingreso. Un resumo dos seus resultados pode consultarse na memoria de seguimento do GCPA 2017-18.

Incorporación dun bolseiro de colaboración en accións de calidade

No marco do programa de prácticas extracurriculares da Área de Calidade da USC, a alumna da Fac. de Psicoloxía, María Leirachá Franco, realizou, durante todo o mes de febreiro de 2018, actividades de apoio aos procesos de calidade do noso Centro:

- Análise estatística dos resultados da enquisa ao alumnado de nova incorporación ao GCPA e redacción do informe resultante.
- Apoyo na análise de indicadores de calidade do Centro.

Implementación da modificación parcial do Plan de estudios do GCPA

Dende setembro a novembro de 2017, desenvolveuse a docencia das tres novas materias obligatorias de cuarto curso do grao (*Temas Actuais de Ciencia Política; Temas Actuais de Xestión Pública; Introdución á Práctica Profesional*), o que supuxo executar a modificación do plan de estudios correspondente (autorizado pola ACSUG o 24/03/17; BOE nº 42 de 16/02/18).

Promoción da Facultade

Durante o curso 2017-18, participaron activamente nos programas de promoción da Facultade, organizados pola USC e por entidades externas, os profesores Carlos Allones Pérez e Manuel M^a de Artaza Montero. Así mesmo, con cargo ao orzamento destinado a accións de calidade, encargouse a M.López Guerrero e a empresa DYR Producciones un video promocional da Facultade.

Reunións de coordinación co alumnado do Grao

Durante o mes de maio de 2018, coincidindo co remate do curso, o coordinador do grao, os coordinadores de cada curso e coordinador de prácticas externas mantiveron xuntanzas co alumnado de todos os cursos para tratar cantes aspectos relacionados co desenvolvemento docente estimaran pertinente comentar. Os resultados foron posteriormente tratados na Comisión de Calidade.

Oferta de cursos complementarios preparatorios para a defensa do TFG

Coa finalidade de contribuír a incrementar a taxa de éxito no cuarto curso e incrementar a capacidade de inserción laboral, entre xaneiro e abril de 2018, ofertáronse 10 sesións de 4 cursos complementarios destinado ao alumnado matriculado das Prácticas Externas:

- *20 Consellos Prácticos para a Defensa do TFG e Como Facer Presentacións Eficaces e Evitar a Morte por Power Point*, a cargo de Mario López Guerrero.
- *Manexo de fontes de información*, impartido por Anxo Doval Rey.
- *Mediación e resolución de conflitos*, impartido por Rosa Muñiz Castro
- *Orientación laboral e procura de emprego*, impartido por Alfredo Couselo Barrio.

A excepción do curso impartido polo persoal da Biblioteca da USC, os docentes participantes foron alumnos desta Facultade.

Investigadores visitantes

Durante o curso 2017-18, permaneceron no noso Centro os seguintes investigadores visitantes:

- Magali García (Investigadora en políticas de educación superior, Instituto Politécnico Nacional, México), supervisada polo Prof. Miguel Caínzos.
- Eirik Mikkelsen (Economista senior do Norwegian Institute for Food, Fisheries and Agriculture Research), supervisado polo Prof. Sebastian Villasante.

Adquisición de equipamentos

Coa finalidade de planificar axeitadamente o gasto do curso seguinte, o 20 de xullo de 2017 se solicitou ao PDI e PAS e aos representantes do alumnado unha proposta de adquisición de equipamento ou reparación de instalacións cuxo suministro ou mantemento fora competencia da facultade.

En función das peticións recibidas e das incidencias xurdidas ao longo do curso, se realizaron investimentos nos seguintes elementos:

- Renovación dun tercio dos equipos informáticos da aula de informática.
- Renovación de varios equipos informáticos de traballo do PDI.
- Adquisición de mobiliario de despacho (cadeiras).
- Repintado de espazos diversos (decanato e varios despachos do PDI).
- Instalación de pantallas no salón de actos.
- Equipamento de sala de persoal.
- Renovación de canóns de proxección en varias aulas

Programación cultural

Coa finalidade de programar actividades complementarias á docencia así como culturais, invitouse, o 20 de xullo de 2017, a todo o PDI, PAS e representantes de alumnos a suxerir invitados/as a impartir conferencias ou seminarios.

Os investigadores e profesores que acudiron invitados á Facultade, con cargo ao seu

orzamento, para colaborar en actividades complementarias á docencia foron:

- Luigi Blanco (Univ. di Trento)
- Carlos García Vieito (MOBILEPRO, Barcelona)
- Inês Gusman (ANTE-USC)
- Angustias Hombrado Martos (UNED)
- Michael Keating (School of Social Sciences, Univ. of Aberdeen)
- Manuel Mandianes Castro (CSIC)
- Eirik Mikkelsen (Norwegian Institute of Food, Fisheries and Aquaculture Research)
- Adela Mesa del Olmo (Univ. del País Vasco)
- Jorge Prado Casal (Sergas)
- Miquel Salvador Serna (Univ. Pompeu Fabra)
- Pablo Simón Cosano (Univ. Carlos III)

Así mesmo, a Facultade colaborou na organización das Xornadas A Transición a Debate, e foi sede do XIII Congreso Español de Ciencia Política y de la Administración.

A máis destas intervencións, a Facultade acolleu unha gran cantidade de actividades culturais que serán reflectidas nunha memoria propia.

2.4 Indicadores do SGIC

Presentamos unha descripción dos resultados dos indicadores recollidos no Sistema de Garantía Interna dos Centros da USC relativos ao curso académico 2016-2017. Estes indicadores foron facilitados polos servizos centrais da USC e postos a disposición dos títulos e centros para a súa análise dentro dos procesos e procedementos vinculados ao SGIC de cada centro.

Grao en Ciencia Política e da Administración

Perfil de ingreso/egreso

- Mantense, en 125, o número de prazas ofertadas (indicador IN01-PC-05).
- O número, máis elevado, de novos matriculados (130) reflicte a capacidade sostida da titulación de captación de novos estudiantes.
- A relación de estudiantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (indicador IN10-PC-05), 83,20%, mantense en marxes similares aos acadados en cursos anteriores.
- A tendencia ao incremento do número total de matriculados na titulación (indicador IN02-PC-05) québrase neste curso, situándose nos 496 estudiantes.
- 482 dos 496 estudiantes matriculados (97.18%) proceden de Galicia.
- Os resultados de captación de alumnos non galegos (do resto de España e estranxeiros) mostran, como en cursos anteriores, valores baixos. A porcentaxe de estudiantes de fóra de Galicia é de 2,82.
- Incrementéntase, ata os 8,10 puntos, a nota media de acceso por preinscripción (indicador IN06-PC-05).
- A porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación cunha puntuación igual ou superior a 6 (IN07-PC-05) alcanza o valor máis alto da serie, cun 89,68%.
- Os profesores estiman que o nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia (INF 14), dándolle unha puntuación de 3,32, o valor máis alto da serie.
- A enquisa sobre elección de carreira e expectativas dos estudiantes de novo ingreso (curso 2017-18), realizada no centro o primeiro día de curso, achega os seguintes resultados más salientables:
 - Un 76.30% dos estudiantes que responden elixen o grao en primeira opción.
 - Como motivo aducido para elixir o grao en ciencia política e da administración, un 54.90% indica interese/vocación no ámbito da política e só un 26.50% indica interese polos coñecementos/materia da carreira.
 - Un 61.00% das mencións dos estudiantes indican que esperan que no título se adquiran coñecementos que efectivamente son propios da carreira (coñecementos sociopolíticos, sobre administracións públicas, economía, derecho, e relacións internacionais).
 - Só un 11.20% dos estudiantes considera que a carreira pode formar para ser politólogo (consultoría, enquisas...) e só un 1.80% considera que ese sexa o seu traballo desexado. Ademais, o 13.90% cren que se pode adquirir no grao formación para ser analista ou asesor político e para ser investigador ou docente, traballo que desexan só o 9.70% dos estudiantes. En cambio, un 19.80% considera que a titulación pode formar para exercer un cargo de carácter político (partido, sindicato...), e un 20.20% desexa esa clase de

traballo. Un 27.30% considera que a titulación forma para un posto na administración pública, e un 14.90% considera ese o seu traballo desexado. Probablemente, estas percepcións implican certo desaxuste entre o perfil dos estudiantes que ingresan na carreira e o perfil axeitado aos contidos e obxectivos do grao en ciencia política e da administración.

- O descoñecemento sobre que é un politólogo tamén pode contribuír a xerar dúbidas sobre o perfil dos estudiantes de novo ingreso: un 28.70% considera que é un “experto político (en xeral)”, e ate un 6.09% que é alguén que exerce/participa/ se adica á política. Apuntan nunha dirección adecuada o 17.80% que indican que é un analista/experto na situación/actores políticos e o 9.90% que indican que é un ensinante/investigador/difusor do entendemento da política e do comportamento político.

Rendemento do título

- O indicador IN31-PS-01, que informa da media de alumnos por grupo de teoría (62.75) sitúase entre os máximo e mínimos valores dos últimos seis cursos.
- O dato da media de alumnos por grupo de docencia interactiva (IN32-PS-01), 34.73 mantén a tónica dos cinco cursos previos.
- A participación de estudiantes en programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN17-PC-08), 5.04%, é o segundo valor máis alto dos últimos seis cursos.
- Ao longo da serie temporal dos seis últimos cursos, e debido á evolución mostrada polos indicadores, non se tivo que reducir o número de prazas ofertadas, que se mantén en 125 (indicador IN01-PC-05).
- A tendencia ao incremento do número total de matriculados na titulación (indicador IN02-PC-05) estántcase neste curso.
- Os resultados de captación de alumnos non galegos (do resto de España e estranjeiros) permanece en niveis de anos anteriores.

Indicadores de satisfacción

- Respecto dos resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF 13), todos os ítems, salvo un, roldan ou superen os 3,5 puntos. O valor máis baixo, con 3,27, corresponde á coordinación entre os profesores de materia, relacionado coa participación dun número excesivo de docentes en varias materias.
- Respecto dos resultados de resposta á enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF 14), as puntuacións son aceptables. O PDI valora con máis de 3 puntos todos os ítems.
- Sendo, en xeral, satisfactorias as valoracións do desenvolvemento do programa de prácticas externas, a diferencias respecto as valoracións medias da USC e o

estancamiento e mesmo redución dalgunhas puntuacións nos últimos cursos suxiren a necesidade de estudar as causas dos descensos de puntuación e adoptar medidas correctoras.

- Aínda que, en termos absolutos, as valoracións de satisfacción dos titulares externos de prácticas (INF 07) son aceptables, cómpre ter presente que en todos os ítems obtense unha valoración inferior á da media da USC, con valores mínimo de 3.17 (comunicación e coordinación cos coas responsables académicos/as do título) e máximo de 4.50 (cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas).
- Os informacións cualitativas recollidas a partir da organización de reunións de seguimiento e coordinación indican que a duración das prácticas é excesiva.
- Dispoñer dunha soa resposta (taxa de resposta de 4.55%) sobre a satisfacción dos estudiantes saíntes cos programas de mobilidade (IN15-PC-08) non permite extraer conclusións que non sexan inxustificadamente aventuradas respecto ao ascenso de 2.46 no curso anterior ao 3.73 do actual

Resultados

- A taxa de rendemento (IN34-S01-PM-01) é de 69.23%, inferior á media da USC.
- A taxa de éxito (IN35-S01-PM-01), 84.58%, supón o valor máis baixo na serie temporal dos seis últimos cursos.
- A taxa de evaluación (IN36-S01-PM-01) é do 81.85%, valor similar aos dos dous cursos anteriores (81.17%, 79.72% e 80.57%).
- A taxa de éxito por curso (IN35-S01-PM-01 e INF 17) é a seguinte: primeiro, 74.88%; segundo, 80.91%; terceiro, 92.15%; cuarto, 97.81%. O terceiro e o cuarto cursos mostran resultados similares aos do curso anterior.
- A taxa de rendemento das materias do plan de estudo por curso (IN34-S01-PM-01 e INF 18) é a seguinte: primeiro, 57.36%; segundo, 69.49%; terceiro, 82.78%; cuarto, 76.78%.
- A taxa de evaluación das materias do plan de estudo por curso (IN36-S01-PM-01 e INF 19) é a seguinte: primeiro, 76.60%; segundo, 85.88%; terceiro, 89.82%; cuarto, 78.50%.
- O dato resultante da taxa de graduación (IN37-S01-PM-01), 41.75%, que representa a terceira caída consecutiva, consolida a tendencia clara ao descenso.
- A duración media dos estudos (IN38-S01-PM-01), 4.89 anos, aumenta respecto dos cursos dos que se dispón de datos, aínda que é inferior á media da USC (4.98 anos).
- A porcentaxe de alumnado matriculado en primeiro curso que non prosegue formación en cursos superiores (IN40-S01-PM-01) é do 25.64%. A taxa supera a do curso anterior, segue a ser superior ao mínimo valor da serie (20.41%, no curso 2012-2013) e moi superior á media da USC (16.02%).
- O dato de taxa de abandono (IN41-S01-PM-01), 33.98%, redúcese respecto ao 36.29% do curso 2016-2017.

- A taxa de éxito dos egresados (IN50-S01-PM-01), 80.84%, sofre unha redución de case 12 puntos porcentuais respecto do 92.32% do curso anterior.

Máster en Marketing, Consultoría e Comunicación Política

Perfil de ingreso/egreso

- Mantense a alta demanda (67,5%) de prazas ofertadas (80) nos dous centros nos que se imparte o Máster. Cabe precisar que áinda que a demanda diminúe no 2017, só o fai na sede do IUIOG.
- Aumenta o número de prazas adxudicadas a alumnos españoles que proceden de fóra de Galicia: (29,63%).
- Diminúe a porcentaxe de prazas adxudicadas a alumnado estranxeiro (16,67%).
- Aumenta a nota de acceso, situándose en 7,34; o 100% dos alumnos mostra unha nota media superior a 6.
- Aumenta a porcentaxe de alumnado matriculado que obtivo o seu título noutras universidades (68,52%). Mantense a porcentaxe alta de alumnos admitidos que proveñen de titulacións preferentes.
- Perfil dos alumnos por titulación de orixe: Ciencia Política e da Administración, 26,66%; Xornalismo ou Ciencias da Información, 33,33%; Económicas, 2,17%; Publicidade e Relacións Públicas, 13,33%; Dereito, 6,6%; Comunicación Audiovisual, 6,6%.

Rendemento do título

- A composición multidisciplinar do persoal docente, tanto na USC como no IUIOG, facilita a adquisición por parte do alumnado non só das competencias contidas na Memoria do título, senón tamén das sete competencias xenéricas que establece para o nivel 3 – Máster, o Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior.
- Atendendo ás cualificacións obtidas polos alumnos nas distintas materias que ofrecen as dúas sedes, en liñas xerais, pódese falar de excelentes resultados na adquisición de coñecementos actualizados sobre a Comunicación Estratéxica Integral, o Marketing Político e a Consultoría Política, así como a adquisición de coñecementos sobre as diferenzas e similitudes dos diferentes campos do marketing, da consultoría e da comunicación.
- Na sede da USC, a distribución das cualificacións foi a seguinte: matrículas de honra, 2,81%; sobresaínte, 44,38%; notable, 43,82%; aprobado, 4,49% e non presentado,

4,49%. Respecto do TFM, a porcentaxe de matrícula de honra foi de 2,63%; sobresaínte, 21,05%; notable, 26,32%; aprobado, 18,42% e non presentado, 21,05%.

- Na sede da IUIOG, a distribución das cualificacións foi a seguinte: matrículas de honra, 1,47%; sobresaínte, 17,16%; notable, 61,27%; aprobado, 20,1%. Respecto do TFM, a porcentaxe de matrícula de honra foi de 5%; sobresaínte, 20%; notable, 35%; aprobado, 20% e non presentado, 20%.

Indicadores de satisfacción

- Os indicadores de satisfacción do alumnado mostraron un descenso no curso 2017-2018 en tres ítems: coordinación entre as materias do plan de estudios, 2,14; horarios da titulación 2,88; calendario de probas de avaliación, 3,25. Sen embargo, outorgan valores iguales ou superiores a 3 a varias facetas dos recursos materiais: as aulas/laboratorios e o seu equipamento, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento, a dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación e as plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia. É inferior a 3, igual que ocorre coa media da USC, a puntuación atribuída aos espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudio, aulas de informática,...).
- Na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, supérase a puntuación de 3,5 nos ítems pertinentes: o axeitamento do material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade para o desenvolvemento da materia e a dispoñibilidade no centro dos recursos necesarios para a docencia.
- A satisfacción sobre a información pública dispoñible diminuíu ata 2,38.
- Os niveles de satisfacción media dos tutores externos cos programas de prácticas externas aumentaron, situándose en 4,44 na sede da USC, e 3,50 na sede do IUIOG.
- Satisfacción dos estudiantes cos programas de prácticas externas: 3,93 sobre 5. Neste sentido, destaca entre outras, a valoración da atención recibida por parte do tutor/a externos e do persoal da empresa/institución (4,50 para o curso 2017-2018) e a valoración das instalacións e medios materiais cos que contaron na empresa/institución (4,33). Non se dispón de datos da sede da IUIOG.
- A información, orientación e atención prestada por parte dos tutores académicos da Universidade aos estudiantes participantes en prácticas externas recibe unha puntuación satisfactoria por parte dos estudiantes.

Resultados

- A porcentaxe da taxa de rendemento mantense no seu conxunto por riba do 80%, concretamente dun 82,15%.

- A taxa de éxito, do 99,32% para o pasado curso, amosa, en relación aos valores de anos anteriores, as altas porcentaxes alcanzadas en canto á superación das materias ás que os alumnos se presentan; por riba do valor medio da USC (98,79%).
- A taxa de avaliación (relación entre os créditos presentados e os créditos matriculados) foi do 82,71% para o pasado curso académico.
- A taxa de gradación do Título foi do 88,33, situándose por debaixo da media da USC (84,46%).
- A pesar do peso que poida ter o aprazamento na presentación e defensa do TFM dos alumnos/as do Máster nos indicadores globais de resultados, a duración media dos estudos é de 1,10 (1,44 media da USC), para un título de 60 créditos e unha duración dun ano.
- Dado o elevado número de matriculados do título, a taxa de abandono amosa uns valores un tanto elevados respecto a cursos anteriores: 13,04%, no que impactaría o abandono de estudiantes procedentes de China.

Táboas Resumo de Resultados

Nota: No caso de datos sen actualizar, indícase, entre paréntese, o último ano do que se dispón de resultados. No que atinxe á fila “Variación”, os símbolos indican se o novo resultado é mellor (frecha verde) ou peor (frecha vermella) que o do curso precedente e se a tendencia é de incremento (frecha ascendente) ou diminución (frecha descendente).

Indicadores do Centro

INDICADOR	IN16C-PC-08	IN14C-PC-05	IN49C-PS-01	IXA-C04	IN30C-PS-01	IN01C-PC-05	IN02C-PC-05
DEFINICIÓN	Satisfacción dos estudiantes entrantes cos programas de mobilidade	Relación entre o número de matriculados en másters dun centro e o número de egresados dese centro	Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido	Porcentaxe de actas fóra de prazo	Ratio de estudiantes por profesor a tempo completo	Prazas ofertadas	Matrícula
RESULTADO	4,5/5	0,82	3,47/5	1,73%	13,02 (2015)	205	550
VARIACIÓN	↑	↓	↓	=	=	=	↓

INDICADOR	IN03C-PC-05	IN04C-PC-05	IN06C-PC-05	IN07C-PC-05	IN08C-PC-05	IN09C-PC-05	IN10C-PC-05
DEFINICIÓN	Matrícula de acceso	Matrícula de novo ingreso por preinscripción	Nota media de acceso por preinscripción	Porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	Porcentaxe de estudiantes estranxeiros sobre matriculados	Porcentaxe de estudiantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	Relación de estudiantes preinscritos en 1º opción matriculados por 1º vez sobre as prazas ofertadas
RESULTADO	172	172	7,97	91,33	2,73%	4,91%	83,2
VARIACIÓN	↓	=	↑	↑	↓	↑	↑

INDICADOR	IN12C-PC-05	IN17C-PC-05	IN18C-PC-05	IN22C-PC-05	IN24C-PC-05	IN25C-PC-05	IN26C-PC-05
DEFINICIÓN	Taxa de ocupación	Porcentaxe de estudiantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	Porcentaxe de estudiantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	Porcentaxe de estudiantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións	Porcentaxe de Personal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total
RESULTADO	83,9	4,55	7,27	95,79	70,83	91,67%	63,33
VARIACIÓN	=	↑	↓	↓	↓	↑	↓

INDICADOR	IN31C-PC-05	IN32C-PC-05
DEFINICIÓN	Media de alumnos por grupo de teoría	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva
RESULTADO	43,33	29,68
VARIACIÓN	↓	↓

Indicadores do GCPA

INDICADOR	IN34CG-S01-PM-01	IN35CG-S01-PM-01	IN36CG-S01-PM-01	IN37CG-S01-PM-01	IN38CG-S01-PM-01	IN39CG-S01-PM-01	IN40CG-S01-PM-01
DEFINICIÓN	Taxa de rendemento (GCPA)	Taxa de éxito (GCPA)	Taxa de avaliación (GCPA)	Taxa de graduación (GCPA)	Duración media dos estudos (GCPA)	Eficiencia dos titulados (GCPA)	Taxa de abandono durante o primeiro curso (GCPA)
RESULTADO	69,23	84,58	81,85	41,75	4,89	91,02 (2015)	25,64
TENDENCIA	↑	=	↑	↓	↑	=	↑

INDICADOR	IN41C-PC-05	IN50CG-S01-PM-01	IN51CG-S01-PM-01	IN53CG-S01-PM-01
DEFINICIÓN	Taxa de abandono RD 1393/2007 (GCPA)	Taxa de éxito dos egresados (GCPA)	Taxa de idoneidade na graduación (GCPA)	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (GCPA)
RESULTADO	33,98	80,84	29,13	80,77
DIFERENCIA	↓	↑	↓	↓

Indicadores do MMCCP

INDICADOR	IN34CM-S01-PM-01	IN35CM-S01-PM-01	IN36CM-S01-PM-01	IN37CM-S01-PM-01	IN38CM-S01-PM-01	IN39CM-S01-PM-01	IN41CM-S01-PM-01
DEFINICIÓN	Taxa de rendemento (MMCCP)	Taxa de éxito (MMCCP)	Taxa de avaliación (MMCCP)	Taxa de graduación (MMCCP)	Duración media dos estudos (MMCCP)	Eficiencia dos titulados (GCPA)	Taxa de abandono RD 1393/2007 (MMCCP)
RESULTADO	82,15	99,32	82,71	73,91	1,1	95,23 (2015)	13,04
DIFERENCIA	↓	↓	↓	↓	↓	=	↑

INDICADOR	IN50CM-S01-PM-01	IN53CM-S01-PM-01
DEFINICIÓN	Taxa de éxito dos egresados (MMCCP)	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (MMCCP)
RESULTADO	97,12	97,12
DIFERENCIA	↓	↑

3. Plan de Melloras do Centro Curso 2018-19

Antes de expor o plan de melloras do centro, achégase información sobre o grao do cumprimento das accións de mellora propostas para o curso 2017-18.

CÓDIGO	DESCRICIÓN	SITUACIÓN
AMC18-01-01	Redeseñar os horarios do GCPA	Finalizada
AMC18-01-02	Redeseñar os horarios do MMCCP	Finalizada
AMC18-01-03	Estudar causas de abandono no GCPA	En curso
AMC18-05-04	Estudar a viabilidade dunha modificación do título eliminando a obligatoriedade das prácticas externas no GCPA	Finalizada
AMC18-02-01	Mellorar a promoción do Centro (audiovisual; guías)	Finalizada
AMC18-03-01	Elaborar un regulamento de réxime interno	Non realizada
AMC18-05-01	Informatizar a reserva de espazos	Finalizada
AMC18-05-02	Remodelar o salón de actos	Pendente de decisión órganos goberno USC
AMC18-05-03	Analizar novas necesidades de uso de espazos	Finalizada
AMC18-06-01	Mellorar a planificación da actividade cultural e elaborar unha memoria cultural do Centro	Non finalizada

LISTAXE DE ACCIÓNS 2019-20

ID	ORIXE	DESCRIPCIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AMC19-01-01	Taxa de abandono elevada no primeiro curso do Grao	Estudar as motivacións / expectativas que levan ao alumnado a matricularse no GCPA	En curso	Celestino García Arias	Novembro 2019	Non
AMC19-01-02	Detección problemas coordinación PDI en diversas materias	Analizar problemas de coordinación na docencia	Finalizado	Celestino García Arias	Maio 2019	Si
AMC19-01-03	Excesivo peso de programa de prácticas do GCPA	Elaborar unha proposta de modificación do plan de estudos do GCPA coa finalidade de reducir o peso das prácticas externas	En curso	Miguel Caínzos López	Maio 2019	Non
AMC19-01-04	Detección de problemas nos regulamentos do MMCCP	Elaborar unha proposta de modificación de regulamentos (TFM e prácticas) do MMCCP	Finalizado	Xosé Luis Barreiro Rivas	Maio 2019	Si
AMC19-02-01	Deficiencias na información da actividade cultural	Mellorar a información da actividade extra-académica	En curso	Irene Rodríguez Manzano	Xullo 2019	Non
AMC19-02-02	Deficiencias na información da actividade cultural	Elaborar unha memoria cultural do Centro	En curso	Irene Rodríguez Manzano	Xullo 2019	Non
AMC19-02-03	Relación cos egresados dos títulos	Promover unha relación más intensa cos egresados/as do centro	En curso	Ramón Bouzas Lorenzo	Decembro 2019	Non
AMG19-03-01	Falta regulamento centro	Elaborar un regulamento de réxime interno para o Centro	Pendente	Miguel Caínzos López	Decembro 2019	Non
AMC19-05-01	Problemas infraestructurais	Estudar a viabilidade da creación dunha nova aula de informática	Finalizado	Ester Filgueira López	Abril 2019	Si
AMC19-05-2	Problemas infraestructurais	Estudar a disponibilidade de novas aulas	Finalizado	Ramón Bouzas Lorenzo	Abril 2019	Si
AMC19-05-3	Problemas infraestructurais	Analizar novas necesidades de uso de espazos	Finalizado	Miguel Caínzos López	Marzo 2019	Si
AMC19-05-4	Problemas infraestructurais	Rematar a actualización do equipamento da Aula de Informática	En curso	Ester Filgueira López	Xullo 2019	Non

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: Fo4-PM-01 Versión: 01 Data: 30/04/2019
	FORMATO	Páxina 21 de 27

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AMC19-01
		Tipo	Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento
	Definición	Análise causa	Detección de anomalías na implementación dos títulos
		Definición/descripción proposta	Estudar as causas de abandono do alumnado do primeiro curso do GCPA; combater problemas de coordinación na docencia de materias e explorar a reforma dos títulos; excesivo peso de programa de prácticas do GCPA
		Data prevista de finalización	Xullo 2020
		Data inicio	Febreiro 2019
Responsables		Responsable da implantación	Ramón Bouzas Lorenzo
Tarefa 1		Código	AMC19-01-1
		Descripción tarefa	Estudar causas de abandono no GCPA
		Data prevista de finalización	Novembro 2019
		Persoa responsable	Celestino García Arias (Coordinador do GCPA)
Tarefa 2		Código	AMG19-01-2
		Descripción tarefa	Analizar problemas de coordinación na docencia de materias do GCPA
		Data prevista de finalización	Maio 2019
		Persoa responsable	Celestino García Arias (Coordinador do GCPA)
Tarefa 3		Código	AMG19-01-3
		Descripción tarefa	Elaborar unha proposta de modificación do plan de estudos do GCPA coa finalidade de reducir o peso das prácticas externas
		Data prevista de finalización	Maio 2019
		Persoa responsable	Miguel Caínzos López

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: Fo4-PM-01 Versión: 01 Data: 30/04/2019
	FORMATO	Páxina 22 de 27

Tarefa 4	Código	Código	AMG19-01-4
	Descripción tarefa	Descripción tarefa	Elaborar unha proposta de modificación de regulamentos (TFM e prácticas) do MMCCP
	Data prevista de finalización	Data prevista de finalización	Maio 2019
	Persoa responsable	Persoa responsable	Xosé Luis Barreiro Rivas

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: Fo4-PM-01 Versión: 01 Data: 30/04/2019
	FORMATO	Páxina 23 de 27

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AMC19-02
		Tipo	Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 2. Información e Transparencia
	Definición	Análise causa	Deficiencias na información fornecida polo centro sobre actividade extra-académica
		Definición/descripción proposta	Perfeccionar a información e comunicación da actividade extra-académica
		Data prevista de finalización	Maio 2019
		Data inicio	Febreiro 2019
Responsables		Responsable da implantación	Irene Rodríguez Manzano
Tarefa 1		Código	AMC19-02-1
		Descripción tarefa	Mellorar a información da actividade extra-académica
		Data prevista de finalización	Xullo 2019
		Persoa responsable	Irene Rodríguez Manzano
Tarefa 2		Código	AMC19-02-2
		Descripción tarefa	Elaborar unha memoria cultural do Centro
		Data prevista de finalización	Xullo 2019
		Persoa responsable	Irene Rodríguez Manzano
Tarefa 3		Código	AMC19-02-3
		Descripción tarefa	Promover unha relación más intensa cos egresados/as do centro
		Data prevista de finalización	Decembro 2019
		Persoa responsable	Ramón Bouzas Lorenzo

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: Fo4-PM-01 Versión: 01 Data: 30/04/2019
	FORMATO	Páxina 24 de 27

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AMC19-03
		Tipo	Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3. Sistema de Garantía Interna
	Definición	Análise causa	Tarefas pendentes no desenvolvemento do SGIC do Centro
		Definición/descripción proposta	Mellorar a xestión do sistema de calidad do Centro
		Data prevista de finalización	Decembro 2019
		Data inicio	Maio 2019
Responsables		Responsable da implantación	Miguel Caínzos López
Tarefa 1		Código	AMC19-03-1
		Descripción tarefa	Elaborar un regulamento de réxime interno para o Centro
		Data prevista de finalización	Decembro 2019
		Persoa responsable	Miguel Caínzos López

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: Fo4-PM-01 Versión: 01 Data: 30/04/2019
	FORMATO	Páxina 25 de 27

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AMC19-05
		Tipo	Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos Materiais
	Definición	Análise causa	Detección de diversos problemas na xestión de infraestruturas
		Definición/descripción proposta	Renovar equipamentos; automatizar a reserva de espazos e prever novos usos de espazos
	Definición	Data prevista de finalización	Agosto 2019
		Data inicio	Outubro 2018
Responsables		Responsable da implantación	Ramón Bouzas Lorenzo
Tarefa 1		Código	AMC19-05-1
		Descripción tarefa	Estudar a viabilidade da creación dunha nova aula de informática
		Data prevista de finalización	Abril 2019
		Persoa responsable	Ester Filgueira López
Tarefa 2		Código	AMC19-05-2
		Descripción tarefa	Estudar a dispoñibilidade de novas aulas
		Data prevista de finalización	Abril 2019
		Persoa responsable	Ramón Bouzas Lorenzo
Tarefa 3		Código	AMC19-05-3
		Descripción tarefa	Analizar novas necesidades de uso de espazos
		Data prevista de finalización	Marzo 2019
		Persoa responsable	Miguel Caínzos López
Tarefa 4		Código	AMC19-05-4
		Descripción tarefa	Rematar a actualización do equipamento da Aula de Informática
		Data prevista de finalización	Xullo 2019

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: Fo4-PM-01
	Versión: 01	Data: 30/04/2019
	FORMATO	Páxina 26 de 27

	Persoa responsable	Ester Filgueira López
--	---------------------------	-----------------------

4. Anexo: Informes de seguimento

Informe de seguimento do GCPA

<http://www.usc.es/gl/centros/politicas/sgicinformes.html>

Informe de seguimento do MMCCP

<http://www.usc.es/gl/centros/politicas/sgicinformes.html>